



“ALMOFADAS”

CEIP HEROÍNAS DE SÁLVORA

(AGUIÑO)

CURSO 2018-2019

Instalación artística adicada ás **ALMOFADAS** das mulleres libres e fortes...



Instalación artística adicada ás **ALMOFADAS** das mulleres que non tiveron a oportunidade de ser libres e fortes...

EXPOSICIÓN “ALMOFADAS”

Instalación artística baseada na historia real dunha muller que sufríu malos tratos contínuos durante o seu matrimonio, no que tamén había violacións. Quedou embarazada.


Un día, dunha paliza abortou e quedou sen a posibilidade de ter máis fillos/as. Da tristeza enfermou e tiveron que ingresala nun centro psiquiátrico.

Todas as noites simulaba ter un parto e todas as mañás envolvía unha **ALMOFADA** nunha mantiña e ía ensinando o seu “bebé” ao resto dos/as pacientes. Durante todo o día cantáballe cancións de berce ao seu bebé, a **ALMOFADA**.

Esta é a razón pola que o fío condutor desta exposición son as **ALMOFADAS**.

Cada escena relata dúas historias antitéticas: unha de amor e outra de violencia. Xógase con esta dualidade.





As **ALMOFADAS**, son obxectos da vida cotiá que nos acompañan dende que nacemos ata que falecemos.

Custodian segredos, son testemuñas do amor, pano de bágoas...

A palabra **ALMOFADAS** é unha palabra preñada.

Almo: criador de...(maltratadores).

Mofa: cara as mulleres maltratadas.

Fadas: que non nos durman con contos de fadas, nen princesas.

As: que non nos corten as ÁS no nome do amor.

Relatos que se contan na mesma escena:

Relato 1: De AMOR.

Relato 2: De VIOLENCIA.




Metáfora da instalación para simular camas:
Grella da exposición: METÁLICO DA CAMA.

Cartón con trama: COLCHÓN DA CAMA.

Sabas e almofadas.

Camisetas simulando persoas.





Relato 1:

Nena á que non lle contaban contos de princesas para durmila cando era pequena . A súa familia contáballe contos de mulleres libres e fortes.

Relato 2:

Nena á que lle contaban contos de fadas e princesas para durmila cando era pequena, contos de mulleres sumisas.



Relato 1:

A nena medrou e coñeceu a un home ao que non lle contaron contos de superheroes cando era pequeno. Non lle contaron contos de príncipes que tiñan que rescatar a princesas de castelos.

A almofada todas as noites era testemuña de bicos, apertas e caricias. Era testemuña do AMOR.

Relato 2:

A nena medrou e coñeceu a un home ao que lle contaron contos de superheroes cando era pequeno, contos de príncipes que tiñan que rescatar a princesas débiles.

A almofada polas noites NON era testemuña de bicos, apertas e caricias. Era testemuña de insultos, golpes e violacións. Testemuña de bágoas.

"Hay un monstruo gris en la cocina, que lo rompe todo, que no para de gritar..." (Canción de Rozalen "La puerta violeta" traballada na nosa escola)



Relato 1:

Froito de noites de paixón e amor, a muller quedou embarazada. A parella gozou dos meses de embarazo. A almofada foi testemuña de conversas de complicidade onde hipotetizaban como sería o seu bebé, elixindo nomes...O home díciolle todos os días o fermosa que estaba coa súa barriguiña medrando. O home dicíalle o moito que a quería.

Relato 2:

Unha noite a muller foi violada e quedou embarazada. Ela, estaba feliz porque desexaba ser nai e porque pensaba que deste xeito a súa parella cambiaría e non a volvería a maltratar. O home decíalle o fea que estaba así de “gorda” (vaca, hipopótamo, ...)
Unha noite deulle unha paliza e dos golpes abortou.



Relato 1:

Naceu a súa filla. Foi un día cheo de ledicia e celebración para a parella. Todos os días contábanlle contos de mulleres libres e fortes.

Relato 2:

A súa filla nunca naceu.

Ademais de abortar por unha paliza do marido mentras aludía a súa collida de peso polo embarazo, déronlle a terrible nova de que non ía poder ter fillos/as nunca máis. Da tristeza, enfermou gravemente e foi ingresada nun centro psiquiátrico.

Todas as noites simulaba ter un parto. E todas as mañás envolvía unha **ALMOFADA** nunha mantiña e ía ensinando o seu “bebé” por todo o hospital ao resto dos/as pacientes. Durante todo o día cantáballe cancións de berce ao seu bebé, a súa pequena **ALMOFADA**:

*“Quérote tanto, tanto meu ben.
Quérote tanto, tanto meu ben.
Tanto te quero que o medo tanto ten.
Tanto te quero que o medo tanto ten.”*



Relato 1:

A nena medrou e foi a unha escola onde podía xogar coa area sen medo a mancharse, bailar nos charcos sen medo a mollarse, expresar os seus sentimentos nos faladoiros, disfrazarse sen medo a que a ridiculizasen, ..Polas noites a súa imaxinación facíalle cóxegas imaxinándose subida ás árbores, construíndo cabanas...e dáballe a risa. Tapábase coas almofadas para que non a escoitaran rir. Medrou sen medo a ser libre e forte.

Relato 2:

Se esta nena que non chegou a nacer, chegara a nacer, polas noites taparíase coa almofada para non escoitar os berros e insultos do seu pai. Taparíase para non escoitar a súa nai chorar. Taparíase porque prefería afogar antes que seguir vivindo nun pesadelo. Medraría con medo a ser libre e forte.



Relato 1:

A nena medrou, xa era unha adolescente. Sentía que tiña **ÁS**; ás para bailar coa almofada e voar. Polas noites abrazaba a almofada e contáballe os seus segredos. Segredos e soños dunha muller libre e forte.

Relato 2:

Se esta nena que non chegou a nacer, chegara a nacer, polas noites protexeríase coa almofada para que o seu pai non puidera facerlle o mesmo que lle facía á súa nai. Non bailarían porque non tiña **ÁS**.

Segredos e soños dunha muller convertida nunha **ALMOFADA** que nacerá cada noite.



Nesta instalación participaron moitas
persoas (elaboración, aportando
materiais, acondicionamento, visitándoa,
montaxe...)

O noso especial agradecemento á:

**“COMISIÓN DE FAMILIAS DE IGUALDADE
E DIVERSIDADE DO CEIP HEROÍNAS DE
SÁLVORA”**

<https://heroinasdixital.home.blog/2019/02/28/proxecto-almofadas/>







